

A Cantiga de Amor. Cuestionario

1. Que era o código de amor cortés?
2. Cales son os trazos característicos do amor cortés?
3. Que significa que o amor cortés é unha transposición das relacións feudais vasaláticas?
4. Que son as doas?
5. Explica cales son as distintas etapas polas que pasa o poeta ata conseguir o amor da súa dona? Aparecen todas estas etapas nas cantigas galego-portuguesas?
6. De que influencias bebe o amor cortés?
7. Que características propias ten a cantiga de amor galego-portuguesa fronte a cançó provenzal?
8. Que influencias recibe da cançó provenzal?
9. Explica en que consisten os seguintes recursos formais:

Dobre

Mordobre

Palavra-rima

Rima derivada

Finda

Ata-finda

10. De que maneira se idealiza a dama na temática do eloxio?
11. De que maneiras pode aparecer reflectida a dama no tema de “a reserva da dama”?
12. Como reacciona o poeta ante a actitude da dama nesta temática da “*reserva da dama*”?
13. Que pasos levan ao trovador á coita amorosa?
14. Que quere dicir que a relación entre o trovador e a dona é *unha relación desequilibrada*?
15. Aparece esta temática da coita na poesía provenzal?
16. Nas cantigas de amor, a que chamamos preámbulo?
17. Cales son as funcións que cumpre o preámbulo? Aparece sempre o preámbulo en todas as cantigas de amor?
18. Escribe un exemplo de fórmula de preámbulo

19. que queremos dicir cando afirmamos que *nas cantigas de amor a descrición física se reduce a fórmulas repetidas que aluden a unha beleza exterior inconcreta*?
20. Escribe 4 aspectos do carácter e da moral da dama apreciados polos trovadores.
21. Como é o namorado da cantiga de amor?
22. Quen poden ser os interlocutores da cantiga de amor?